



OMIC > 05
La telefonía genera el mayor número de reclamaciones y consultas de la Oficina Municipal del Consumidor



MEJILLÓN > 04
Opmege deja la puerta abierta a la interposición de un recurso contra el fallo que anula la expulsión de Amegrove

CAMBIO CLIMÁTICO

O director xeral de Desenvolvemento Sostible ofreceu onte unha conferencia sobre o cambio climático no Auditorio, onde alertou do retroceso da liña de costa e dun aumento das temperaturas que situarían o sur de Galicia no clima de Extremadura. O proceso relaciónase cos lumes e as riadas.

Emilio Fernández advirte que o sur de Galicia terá o clima de Extremadura

O director xeral de Desenvolvemento Sostible alerta dos prexuízos ó subir o nivel do mar

REDACCIÓN > V. LAGARCÍA

■ O director xeral de Desenvolvemento Sostible, Emilio Fernández, alertou onte en Vilagarcía sobre as consecuencias que terá no sur da comunidade o cambio climático producido polo queceamento global, que provocara un notorio aumento da temperatura e unha subida do nivel do mar.

Fernández explicou que, se continúa medrando a emisión de gases invernadoiro, Galicia será unha das zonas máis afectadas por este fenómeno, que faría aumentar a temperatura dous ou tres graos no norte ata finais de século, mentres que no sur podería ascender 6 ou 7 graos, xerando un clima similar ó que actualmente ten Extremadura.

Baseándose nos datos do Panel Intergobernamental do Cambio Climático, o representante da Consellería de Medio Ambiente advertiu tamén de que, ademais desta dualidade climática, subirá o nivel do mar varios centímetros e modificarase a intensidade da oleaxe, de xeito que a liña de costa pode retroceder ata 15 metros de aquí ó 2.050.

Emilio Fernández destacou que estes procesos débense principalmente á actividade industrial e ós medios de transporte,

■ CADERNO DE NOTAS


CONSECUENCIAS Unha comunidade mediterránea

■ O vídeo proxectado onte no Auditorio, no que participan expertos galegos e internacionais, reflicte que, por mor do cambio climático, Galicia podería converterse nunha comunidade cun clima mediterráneo, mantendo a temperatura moderada que predomina actualmente só nuns poucos enclaves do cantábrico.

ACTITUDES

Responsabilidade dos cidadáns

■ Os especialistas fan un chamamento á cidadanía para paliar os efectos do cambio global, promovendo actitudes como reducir os graos da calefacción e o aire acondicionado, apagar as luces ou empregar enerxías renovables e o transporte públ.co. Isto podería frear as migracións que se prevén pola escaseza de auga.



Emilio Fernández expuxo as causas do cambio climático.

Reclaman maior implicación dos concellos para adaptarse ó protocolo de Kioto

REDACCIÓN > V. LAGARCÍA

■ Emilio Fernández reclamou unha maior implicación dos concellos para frear o cambio climático, dándolles a posibilidade ás administracións locais de integrarse nunha rede de municipios que se comprometan a reducir a emisión dos gases invernadoiro adaptándose ós criterios do protocolo de Kioto.

Os responsables da Consellería de Medio Ambiente presentaron onte en Vilagarcía unha campaña que inclúe actividades de difusión dirixidas á poboación en xeral con conferencias, exposicións e material divulgativo, cursos de formación para universitarios e un proxecto de educación ambiental denominado "Climática", que está dirixido a escolares de Primaria e Secundaria e que xa obtivo o recoñecemento do Ministerio de Medio Ambiente, polo que será difundido noutras comunidades autónomas.

Este é so un dos catro pilares do Plan Galego de Acción Contra o Cambio Climático posto en marcha polo departamento autonómico. A iniciativa incorpora outras accións que se poden resumir en programas de "mitigación", a través do Plan Galego de Redución de Emisións de Gases Invernadoiro; "adaptación", mediante o Proxecto de Análise das Evidencias e dos Impactos do Cambio Climático en Galicia e o Plan Galego de Aceptación fronte o Cambio Climático, e a "Investigación", coa creación da Rede Galega de Observación do Territorio e do Centro de Investigación do Sistema Climático.

Esta planificación sitúa a Galicia na vangarda do desenvolvemento sostible, segundo indicou Emilio Fernández durante o acto celebrado onte en Vilagarcía.

JUAN FROJÁN FONTÁN
O delegado provincial relaciona os incendios e as riadas cos efectos do queceamento global

que queiman combustibles fósiles e emiten dióxido de carbono, entre outros gases que producen un efecto invernadoiro e impiden que as radiacións saian da atmosfera, provocando un notable descenso da pluviosidade no verán, a escaseza de auga doce e o derretimento das superficies de xeo.

O acto "O cambio climático:

Un reto para Galicia, un reto para a humanidade" que se celebrou onte no Auditorio contou tamén coa participación do delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente, Juan Francisco Froján Fontán, quen expresou que o queceamento global está a provocar "efectos meteorolóxicos adversos", coma os incendios ou as chuvias torrenciais que asolaron a comarca o ano pasado.

Durante a sesión proxectouse ademais o vídeo "O cambio climático: O reto do século XXI" filmado por unha produtora galega no cumio de Montreal co patrocinio da Consellería e da Fundación Caixa Galicia.